

Nas opulentas –malia a crise– sociedades occidentais, a memoria do que don Carlos Marx chamou alienación do traballo é fráxil. En apenas dúas xeracións esquecemos a penosidade do traballo fabril, agora tras-pasado desde todos os países á China. Mercar barato é o mellor amnésico. Porén, como estamos a ver nestes tempos nosos, as crises cíclicas do sistema

capitalista son pagadas a costa de dereitos sociais. Como hai un século, os traballadores son un elo máis no proceso produtivo. O desenrolo do capitalismo mecanizou e racionalizou (eufemismo que agocha a imposición de ritmos) o proceso produtivo. A visión taylorista de entrada e saída ao unísono (presentada na película de Chaplin cuns cor-deiros, metáfora dos cidadáns que saen por unha boca de metro), os controles de produción, a cronometraje do traballo en serie, anulan completamente a iniciativa e a comprensión do proceso no seu conxunto: é a alienación que Marx definiu. A xornada comeza coa conexión eléctrica da maquinaria da empresa de aceiro e distribución dos obreiros en cadanseu lugar, mentres o director ocupa o seu tempo cun quebracabezas.

Sensible fronte á perversidade deste esquema, Charles Chaplin encarou a transición do cinema silente ao sonoro deixando de lado o seu Charlot. Non perdeu, non obstante, a capacidade de sátira non exenta de tenrura que amosara en *O rapaz, A quimera do ouro ou Lucas da cidade*, mais xa para sempre foi Chaplin. Malia o éxito en Hollywood, traducido en contratos millonarios (en dólares daquela), capital que salvou da quebra de 1929, non perdeu o seu compromiso social, lembranza das súas orixes familiares. E non dubidou tampouco en poñer o seu talento e o seu capital ao servizo da denuncia, como fixo con *Tempos modernos* e como despois faría con *O grande ditador* e *Monsieur Verdoux*.

Cando a película foi estrenada no teatro Rivoli de Nova York, o 5 de febreiro de 1936, despois de dous anos de rodaxe, había moita expectativa. Coa opinión pública conservadora na súa contra –polo que se supuña un ataque ao capitalismo–, os xornais especulaban co risco de Chaplin de deixar ao Charlot silente. Casado daquela con Paulette Goddard, quen sería a protagonista no papel da orfá que malvive na rúa, Chaplin non se limitou a un argumento que actuase de simple sostén a unha denuncia. En *Tempos modernos* hai imaxes e escenas que, mesmo con ironía, definiron a brutalidade do traballo fabril e adiantaron o control que

## 75 anos de Tempos modernos

Cando Charlot foi Charles Chaplin

JOAQUIM VENTURA



posteriormente se aplicaría.

Se ben formalmente Chaplin xa non era Charlot, moito deste aínda quedaba. Por exemplo na escena en que –fatado como o persoaxe que lle dera sona– recolle unha bandeira vermella caída dun camión ao chan e no seu intento de devolvela, érguea e sen que-relo encabeza unha manifestación reivindicativa.

E nada define mellor ese alienante traballo en cadea que unha engranaxe na cal os dentes dunha roda non teñen outra posibilidade que encaixar cos de outra unha e outra vez. Unha situación que denunciaba tamén cun artilluxio semellante a un robot que daría de comer aos obreiros para evitar que estes deixasen a cadea de montaxe.

Mais, cabía esperalo, non houbo facilidades para esta película. Malia que tivo o apoio de coñecidos actores cando se estreou –Gloria Swanson, Gingers Rogers ou Douglas Fairbanks–, desde medio conservadores botárase o rumor de que o film precisara do visto e prace dado por Moscova, cousa que Chaplin tivo que desmentir en 1935 nunha rolda de prensa.

A condición visionaria de *Tempos modernos* foi a inclusión de monitores de televisión que permitían controlar a actividade dos obreiros. Un recurso que anos máis tarde inspiraría o *Grande Irmán* da novela 1984 de George Orwell.

Este film contra a alienación laboral e a prol dos dereitos dos traballadores chocou co réxime nazi, ata o punto de ser prohibido en Alemaña. Non bastando con iso, o ministro de propaganda, Joseph Goebbels, presentou unha demanda por suposto plaxio de A nós a liberdade, de René Clair, coprodución francoalemá de 1931. Porén, o director francés declarou sentirse afagado e orgulloso desa posible inspiración, que non plaxio.